

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 9 marzo de 2020 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-552, treito Carballo-Coristanco, puntos quilométricos 32+620-34+400 (clave AC/16/082.06).*

Con data do 17 de febreiro de 2020, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe das alegacións, resolveu o seguinte:

**Antecedentes de feito**

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 122, do 28 xuño de 2019, publicouse o anuncio do 29 de maio de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-552, treito Carballo-Coristanco, p.q. 32+620-34+400, de clave AC/16/082.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto de referencia.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública formularon alegacións as persoas interesadas.

**Fundamentos de dereito**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse á información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.



Terceiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

De acordo con todo o exposto e tras os informes, certificados e alegacións presentadas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-552, treito Carballo-Coristanco, p.q. 32+620-34+400, de clave AC/16/082.06, coa seguinte modificación relativa ao trazado sometido á información pública:

- Adáptase a xeometría dos noiros e a franxa de expropiación previstas no proxecto sometido á información pública, tratando de respectar na medida do posible as aliñacións que figuran no PXOM. Deste xeito, a expropiación non rebordará a aliñación de edificación, a excepción do treito comprendido entre o p.q. 32+960 e o p.q. 33+040 pola marxe esquerda, onde a implantación da senda non é viable se non se executa unha expropiación que supere a dita aliñación.

Segundo. Aprobar o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na AC-552, treito Carballo-Coristanco, p.q. 32+620-34+400, de clave AC/16/082.06.

Terceiro. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os concellos de Carballo e Coristanco deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Cuarto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co esta-



blecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2020

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

